

O POLÉMICO TÍTULO OFICIAL DE CIDADE PARA VIGO (1810-1819)

González Fernández, Juan Miguel



Vigo e a súa sociedade tiña adquiridos merecidos méritos durante a Guerra da Independencia, comezando coa expulsión polas armas das tropas napoleónicas que ocupaban a praza en marzo de 1809 (a chamada Reconquista), seguindo coa creación dunha “Junta de Armamento y Subsistencias” -da que era secretario o futuro alcalde liberal D. Cristóbal Falcón- e, polo recrutamento dos Rexementos de Milicias de “La Libertad”, “La Muerte”,...; asemade hai que subliñar as achegas de tipo económicas, tanto antes da chegada dos imperiais como con posterioridade: unha cantidade de 517.702 rs. en metálico para investir no esforzo bélico,

hospedar e alimentar aos 14.000 homes que pasaron por Vigo durante o conflito armado, coidar nos hospitais a 700 feridos, etc.

En virtude de todos estes crecidos e indiscutibles merecementos, en setembro de 1809 o concello olívico, presidido interinamente daquela polo licenciado -en dereito- D. José Ramón González Carbajal, solicitará que se distinga a Vigo (tiña 1.000 veciños -fogares- inclusive os de Santiago e unha trama urbana modesta- co título de “Ciudad Fiel y Valerosa”, recorrendo á favorable intercesión do poderoso maxistrado compostelán D. Benito Hermida, home de extraordinario prestixio e ideoloxía absolutista (será secretario das Cortes de Cádiz).

A “Junta Suprema Central”, órgano que gobernaba España en estes difíciles momentos de plena guerra, por Real Decreto de 1 de marzo de 1810, expedido polo Consello de Rexencia -instancia que sucede á anterior- o 27 de outubro dese mesmo ano, faille mercé de dito título, ademais de relevala do pago de todo xénero de servizos por esta graza.

Acolléndose ó cal, as autoridades locais viguesas, embebidas dun clima de irreflexivo optimismo pretender dar un paso máis e levar as augas polo seu carreiro; así, demandaban que:

quedando pendiente la solicitud de voz y voto en Cortes con la de que se declare

realenga, ponga corregidor por S.M. y erija el Real Consulado que a su hermoso puerto le corresponde tener según está mandado por reglamento de Comercio Libre de América por ser de los habilitados para el de ella.

Outorgando poder para levar adiante as xestións ao xa Oidor da Real Audiencia de Galicia e alcalde de Vigo durante a ocupación D. Francisco Xavier Vázquez Varela, que ía camiño da illa de León (Cádiz).

Tres eran en esencia as ambicións olívicas: que se declare de reguengo colocando na presidencia do consistorio a un corrixedor -xuíz-alcalde real- co que deixarían de estar baixo o señorío do poderoso arcebispo de Santiago. Que se estableza un Consulado de Comercio, algo que non se obterá ata outubro de 1820 -e a cualificación de porto-franco de primeira clase-, xa no Trienio Liberal. E, por último, quedaba en suspenso a reclamación de que na súa nova condición de cidade puidera participar nas Xuntas do Reino de Galicia, unha especie de deputación en Cortes onde estaban representadas as sete capitais de provincia por dous dos seus concelleiros; era un organismo de alto nivel e moito prestixio, aínda que politicamente pouco efectivo nesta época.

Como non podería ser doutro xeito, a cidade de Tui e a súa corporación municipal négase obstinadamente a recoñecerlle tal tratamento de honra, por considerar que ese timbre era só regalía tocante as ditas sete capitais, temendo sen dúbida ver menoscabado o privilexio de estar representada nas Xuntas.

No seu nome e na doutras cidades -non todas, por certo- eleva unha queixa ás Cortes de Cádiz por vía do deputado xeral de Galicia acreditado ante elas. Os vigueses contraatacan recurrido á Real Audiencia de Galicia -con sé na Coruña-, a cal tras oficiar ás capitais de provincia para que se manifesten ao respecto da polémica, obtén o asentimento xeral coa esperada excepción de Tui, acordando este alto tribunal en agosto de 1812 que se dise cumprimento e obediencia ao disposto no seu momento polo Consello de Rexencia.

Por orde de El-Rei, a reclamación tudense pasa en novembro a consulta da Cámara de Castela -segunda institución en poder en España despois do monarca-, demorándose o ditame contraditorio a súas pretensións ata setembro de 1819. De seguido, Fernando VII, en atención a que o concello de Vigo pasara a *rendirme los más sólidos y respetuosos testimonios de*



amor, obediencia y fidelidad por mi gloriosa restitución al trono de mis augustos predecesores, con data de 22 de novembro dese ano confirmaba a concesión do tan ansiado título, dando por rematada para sempre a disputa.

Este longo e rifado preito movido pola cuestión nodal do título de cidade, unido ás novas circunstancias políticas -abolição dos señoríos xurisdicionais en agosto de 1811, axuntamentos constitucionais desde o 12, etc- acabarán por facer que os vigueses deixen de cote a súa demanda tocante ao modelo de administración municipal, que de conseguirse houbera suposto transformacións na estrutura político-administrativa do concello de moi longo alcance.

Para completar o capítulo de honras outorgadas á cidade viguesa, en recoñecemento ao seu filantrópico labor atendendo aos maltreitos soldados regulares repatriados de Cuba - creacións de hospitais, donativos particulares, etc- tralo desastre militar de 1898, o 26 de decembro do ano seguinte seralle concedido o título de “Siempre Benéfica”, que unido aos anteriores son os que loce na actualidade.